

Mediante Resolución de Alcaldía nº 376/2010 do 20 de maio, aprobáronse as bases de selección para a contratación laboral temporal, na modalidade de “obra ou servizo determinado”, dunha praza de licenciado/a en psicoloxía para exercer a función de docente do curso de “auxiliar de enfermería en xeriatría do Concello de Cabana de Bergantiños”

Transcorrido o prazo de 5 días naturais a contar dende a publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello e no xornal “La Voz de Galicia” e na web do Concello, tal como establecían as bases.

Tendo en conta que a base quinta, punto primeiro establece que: *“Rematado o prazo de presentación de instancias o Alcalde do Concello ou Concelleiro en quen delegue dictará resolución aprobando a lista de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello. No caso de que fosen admitidos tódolos aspirantes presentados, poderá ditarse directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderá interpoñer os recursos procedentes en Dereito”.*

Observadas as instancias presentadas, e en virtude do previsto no artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, **RESOLVO**

PRIMEIRO: Aprobar a seguinte lista provisional de admitidos no procedemento de selección dunha praza de licenciado/a en psicoloxía para a impartición do curso de Auxiliar de Enfermería en Xeriatría, por ter presentado tódala documentación esixida nas bases de selección:

APELIDOS NOME	D.N.I
1.-Furones Gallego Sonsoles	11.734.165-W.
2.-López García María	32.779.655-D.
3.-López Villar, Marta María	32.701070-S.
4.-Rey Torrente, Ana María	32.658.319-K.
5.-Rodríguez García, Silvia María	32.825.430-Z.
6.-Rubinos López, M ^a . Carmen	33.997.089-F.
7.-Sánchez Ferreiro, M ^a Mercedes	32.748.838-N
8.-Vázquez Fondo, Purificación	79.314.221-D.

SEGUNDO: Aprobar a seguinte lista provisional de excluídos, polos motivos que se indican:

1.-Díaz Fernández, M ^a del Pilar	76.581.311-M.
2.-Redonda Bujeiro, María	32.810.725-Y.

D^a. M^a Pilar Díaz Fernández, presenta a totalidade da súa documentación e instancia de participación vía fax, o punto 2 da base cuarta establece que *“(…)As instancias tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. Non obstante, neste último caso, deberá anticiparse a presentación da solicitude de participación, a través de calquera medio que permita deixar*

constancia (fax, telegrama etc...) que deberá ter entrada no rexistro do Concello antes de que remate o prazo e hora fixados como o último día para a presentación de solicitudes."

O artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, non permite a remisión da documentación vía fax, e as bases o único que sinalan e que no caso de utilizar algunha das vías do artigo 38.4, será requisito enviar un aviso ao concello a través de calquera medio que permita deixar constancia entre eles o fax.

D^a. María Redonda Bujeiro; presenta a súa instancia por correo con data de 28 de maio de 2.010, sen embargo non se ten constancia no Concello de ter remitido o aviso de presentación ao que se refire o punto 2 da base cuarta xa transcrito.

TERCEIRO: De conformidade co previsto no punto 2, da base quinta, conceder ás aspirantes excluídas un prazo de 2 días hábiles a contar a partir da data de publicación da presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello e na web do Concello (www.concello-cabana.com), para que poida subsanar as deficiencias observadas, debendo presentar no rexistro do Concello:

-D^a. M^a Pilar Díaz Fernández; xustificante de ter remitida a documentación antes do 28 de maio de 2.010, por calquera dos medios admitidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

-D^a. María Redonda Bujeiro; xustificante de ter avisado da remisión da solicitude de participación (copia do fax, telegrama ...remitido ao Concello).

CUARTO: Convocar igualmente ao Tribunal de selección para **xoves día 10 de xuño ás 16:30**, na Casa do Concello, para a valoración dos méritos presentados polos aspirantes. De conformidade co previsto na base sexta punto 1, designar como membros do Tribunal de Selección:

-Presidenta: D^a. Gema Vázquez López. (Interventora do Concello)

-Secretario: D. Federico M. Suárez Cancelo (Secretario do Concello).

-Vocais: D^a. Cristina Morandeira Muíño. (Persoal Laboral fixo do Concello).

-D^a. Silvana Facal Martínez (persoal laboral fixo do Concello).

QUINTO: Proceder a expoñer no taboleiro de anuncios do Concello a presente resolución, e extracto da mesma na web do Concello (www.concello-cabana.com) de conformidade co previsto nas bases aprobadas por Resolución desta Alcaldía